

Buenos Aires, 20 de Outubro de 1978.

Sr. D. Ricardo García Suárez

Vigo

Querido Ricardo:

Non sei si estou en débeda contigo ou si ti me debes carta. Penso que mais ben, pódese afirmar, a primeira dúbida. Non o sei. Pasaron uns meses coa rapidez de días, de traballos e exposicións. Fixen mostras, cinco, tres en Buenos Aires e dúas fora, en Rosaio e La Plata, de pintura e grabados. E non sei a data aínda, pois teño tamén ^{outra} de grabados no Museo de Santa Fe. Por outra parte, no mes que ven, en Novembro, sale o libro de grabados "Imágenes de Galicia", editado por unha editorial arxentina. Comprende 72 xilografías e un prólogo meu sobre Galicia como tema e sobre o grabado. Este derradeiro publicado fai, creo, vintecáncanos, do prólogo do outro albume do que tiña feito 70 exemplares, practicamente descoñecido. Os temas son históricos, lexendarios, de costumes, etc. Quero voltar ao tema ~~pr~~ histórico apenas tratado en Galicia no XIX e ~~ax~~ recoller o que podemos chamar mitoloxía galega que, en canto a demos ou persoaxes nocentes aínda eran ~~vixentes~~ na miña infancia. Matino agora cuasi vello o importante que é documentar gráficamente o pasado dunha terra como Galicia, abandoaba por séculos e rota na súa cultura. Tratados os temas coa liberdade expresiva do noso tempo. Nos grabados, en canto aos temas, seguí o que comenzara a facer nos tapices. E lembrei sempre as tuas testas en papel cortado dos precursores tan boas de dibuxo, tan parecidas ao persoaxe, Pastor Díaz, Curros, etc, e moi importantes como documentos gráficos que concretan os rasgos dos retratados superando o retrato fotográfico, tan vacilante e deformador físico, pois a máquina reproduce unha realidade que non é a que perciven os nosos ollos e pola que xugamos aos homes. Gostaríame moito que fixeras unha ~~ix~~ iconografía galega dende o século XVIII deica os mortos do XX. Algo do que fixeron Picasso e Matisse coas cabezas de Góngora e Ronsard, Baudelaire e Poe, no caso de Matisse. Podería ser un tomo moi interesante e que iniciase unha colección de tomiños de dibuxos e grabados referentes ó pasado de Galicia. Que a Lumia, o Nubeiro, ou o Cura de Fruime, tivesen cada un a súa

documentación gráfica feita por un artista.

De Galicia non sabemos nada mais que o que nos dixo Domingo cando estivo en Buenos Aires. De ahí non chega nada e as axencias ocúpanse soio de custión xenerais de España e, en todo caso, de Catalonia e Euzkadi, nada de Galicia.

Nos estamos en loita co desexo de quedarnos definitivamente en Galicia, que matinamos sería este próximo ano, ou de ir novamente por un ano, ou cuase, e vältar no 80 pra sempre. Por outra parte eu son xa inútil, pra Galicia, como en xeral os que vivimos fora tanto tempo. Temos incluso un xeito de ver os problemas totalmente diferentes.

Escribe. Perde en esto un pouco de tempo en algún fin de semana.

Uhha grande e garimosa aperta pra Mimi, es fillos e pra ti, de Maruxa e miña.